FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS GALEGAS DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER (FAGAL)

FAGAL
FEDERACIÓN ALZHÉIMER GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS GALEGAS DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER (FAGAL) PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA SERIE DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN E APOIO AOS FAMILIARES E COIDADORES

O Obxecto do Convenio

O presente Convenio ten por obxecto o desenvolvemento dunha serie de actividades no ámbito territorial de actuación da federación cos seguintes obxectivos:

1. Formación continuada dos profesionais que traballan ou colaboran coas asociacións.

2. Formación continuada das persoas que integran as directivas das asociacións de enfermos de Alzheimer e familiares.

3. Deseño e desenvolvemento conxunto coas asociacións federadas de programas de formación e coidados de coidadores.

4. Sensibilización social.

5. Información, orientación e asesoramento a familiares e coidadores.

6. Deseño e desenvolvemento conxunto coas asociacións federadas de programas psicoeducativos.

7. Difusión de cuestións relacionadas coa atención e o coidado das persoas que padecen unha demencia e as que as coidan.